



ANEXO B
INFORME DE RESULTADOS DAS ACCIÓNS DE TRANSFERENCIA PARA O APOIO ÁS
ACTIVIDADES DE DEMOSTRACIÓN E INFORMACIÓN AO AGRO GALEGO 2020

Nº DE PROTOCOLO: 2020/092

1.- TIPO DE ACTIVIDADE: XORNADA TECNICA

2.- TÍTULO DA ACTIVIDADE:

XORNADA TÉCNICA SOBRE OS PROXECTOS PILOTO DESENVOLVIDOS EN GALICIA E AS ACTIVIDADES DE GRUPOS OPERATIVOS NOS QUE PARTICIPA AGACAL

3.- UNIDADE ADMINISTRATIVA DA CONSELLERÍA ORGANIZADORA:
CENTRO DE INVESTIGACIÓNS AGRARIAS DE MABEGONDO
(Centro de investigación/CFEA/OAC...)

4.- LOCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE:
Enderezo: ESTRADA AC-547 BETANZOS A MESÓN DO BENTO, KM 7
Concello: ABEGONDO
Provincia:A CORUÑA

5.- COORDINADOR/A RESPONSABLE: JULIO E. LÓPEZ DÍAZ

Tfno.: 881881859

6.- INTRODUCCIÓN:

A posta en marcha da Asociación Europea de Innovación para unha agricultura produtiva e sostible en 2012 supuxo un cambio na forma de acometer as accións de transferencia de coñecemento no ámbito do sector agrario. O novo modelo pretende evolucionar dun sistema lineal de transferencia da investigación aos usuarios, a un sistema de participación entre os distintos actores.

Para implementar esta nova filosofía puxéronse en marcha nos Programas de Desenvolvemento Rural, os Grupos Operativos de innovación e os proxectos de cooperación. No novo modelo interactivo de innovación, o coñecemento é agora co-creado por agricultores, investigadores, asesores, empresas, organizacións etc, que traballan en conxunto para conseguir unha produción agro alimentaria máis sostible, produtiva e rendible.

Devanditos esforzos teñen como obxectivo amosar os resultados científicos dos proxectos de investigación en curso e das liñas actuais en I+D+I que se desenvolven nos centros, escolas dependentes do AGACAL (Axencia Galega da Calidade Alimentaria) e entidades coma fundacións e empresas colaboradoras.

Nesta xornada técnica se propuxo unha actividade demostrativa e formativa.





OBXECTIVO:

Organizar unha xornada técnica de charlas informativas sobre os contidos e resultados obtidos até a data de proxectos piloto desenvolvidos en Galicia e as actividades de grupos operativos nos que participa AGACAL

Sesión informativa con faladoiros na sala de actos do CIAM.

Estaba prevista unha visita práctica pero por motivos da COVID-19 suspendeuse, tódala actividade foi telemática.

7.- MATERIAL E MÉTODOS:

Utilización da Sala de Xuntas do CIAM, con capacidade suficiente para 20 persoas, e posibilidade de visualización e telepresenza para os asistentes rexistrados. Instaláronse 3 ordenadores: un para o poñente, outro para o moderador e un terceiro para o equipo de control. A sesión se coordinou pola Fundación Juana de Vega con apoio da empresa Veinticico Producciones SL para a organización e grabación do documental completo, e contando tamén a nivel local coa empresa TPC (Tecno-PC Betanzos) a cal proporciona habitualmente asistencia técnica ao CIAM nas labores informáticas.

8.- ANÁLISE DE RESULTADOS:

Debido a motivos de seguridade sanitaria pola COVID-19 optouse pola actividade telepresencial. A xornada organizouse coa colaboración da Fundación Juana de Vega (FJV) e persoal do CIAM. Apórtase minoración de custos para os traballos descritos e adxudicados a FJV no devandito informe.

Segundo os datos proporcionados por a FJV o número de asistentes telepresenciais foi de 54. Os presenciais foron 10. Segundo os datos do Sistema Webinar contratado o número de asistentes (viewers) é de 64, cun total de 127 horas sumadas, e 166 vistas (views). Os postos foron 3 ordenadores (websites).

A lista inicial de asistentes que emite o informe Webinar é de 64 lectores participantes, cun tempo superior de conexión do 80% (apórtase gráfica e datos). A información da FJV subministra datos de 54 participantes debido a que houbo conexións inferiores a 1 hora, co cal non se contabilizan e eliminamos os que poderíamos considerar "outliers" por estar conectados menos dunha hora,

Nesta ocasión os medios de comunicación e divulgación non estaban presentes debido á situación sanitaria, pero está previsto a divulgación de notas de prensa e publicación de contidos na web do CIAM e da FJV.





9.- RESUMO E CONCLUSIÓNS:

Como resumo, foi una xornada moi proactiva na que se amosaron os traballos que se fan no CIAM no marco dos proxectos piloto desenvolvidos en Galicia e as actividades dos grupos operativos nos que participa AGACAL en colaboración con empresas, fundacións e profesionais do sector agrogandeiro. O resumo das presentacións en PDF (previo permiso dos relatores) publícanse na web do CIAM e na da FJV.

Queremos expresar o noso agradecemento á Fundación Juana de Vega pola súa labor loxística na xestión da xornada. Tamén ás empresas participantes e a todos os poñentes e a dirección do CIAM – AGACAL. Un total de 10 traballos foron publicados telemáticamente e grabados en formato descargable a traveso da páxina web do CIAM.

10.- DATA E SINATURA DO/A COORDINADOR/A:

O/A supervisor/a científico/a
(Só no caso dos campos de ensaio)



Asdo.:

